

ACORDO POLO QUE SE MODIFICA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O CONCELLO DE LALÍN PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR "LALÍN ACTIVA" PARA O EXERCICIO 2023.

Lugar e data da sinatura dixital,

As partes asinantes do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello de Lalín para o financiamento do programa respiro familiar "Lalín Activa" para o exercicio 2023 de data 27 de abril de 2023, recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar a presente modificación e de común acordo

EXPOÑEN

I. Que con data do 27 de abril de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello de Lalín para o financiamento do programa respiro familiar "Lalín Activa" para o exercicio 2023.

II. Que consonte ao artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao artigo 40.1.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei, a concesión directa de subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, poderán instrumentarse a través de convenios que, en todo caso, deberán axustarse ás previsións contidas na Lei de subvencións de Galicia e conterán como mínimo entre outros extremos, os prazos e modos de pagamento da subvención, posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos á conta, así como o réxime de garantías que deben achegar os interesados.

III. Que na cláusula cuarta do mencionado convenio establécese que para o cumprimento da finalidade descrita neste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude aportará **setenta e cinco mil euros (75.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

IV. Que tras a sinatura do convenio ponse de manifesto por parte da representación do concello a necesidade de que o aboamento da subvención se realice a través de pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo o desenvolvemento do programa obxecto da subvención.



V. Que a forma de pagamento da subvención ven recollida na cláusula sétima do convenio, na cal non se prevé a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados.

VI. Que as partes, considerando necesario modificar o convenio, segundo o que se indica nos apartados seguintes, por unanimidade

ACORDAN

A modificación da cláusula sétima do convenio suscrito entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello de Lalín para o financiamento do programa respiro familiar "Lalín Activa" para o exercicio 2023, aos efectos de dar cobertura á necesidade de financiamento do concello para poder levar a cabo o desenvolvemento do programa obxecto da subvención, mediante o abonamento desta por parte da consellería, a través de pagamentos anticipados, quedando esta cláusula redactada como segue:

"Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o concello nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 25% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 75% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades a subvencionar a través do convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava (conta xustificativa).

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.”

E en sinal de conformidade co contido da presente modificación, asíñase o presente documento por ambas partes no lugar e da data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Xuventude

Polo Concello de Lalín

A conselleira de Política Social e Xuventude

O alcalde do concello

Fabiola García Martínez

José Crespo Iglesias

